

BANDO INFORMATIVO SAN XOAN 2024

D. José Ramón Romero Garcia, alcalde-presidente do Concello de Boiro,

FAI SABER

Con motivo das celebracións de San Xoan, a noite do 23 de xuño do 2024:

Condicións xerais:

Este Bando afecta a aquelas fogueiras que sexan realizadas en terreos particulares e a aquelas autorizadas nos terreos municipais delimitados, o día 23 de xuño, a partir das 18.00 horas, as cales deberán quedar perfectamente apagadas antes das 06.00 horas do día 24 de xuño.

Unicamente poderán ser realizadas aquelas fogueiras que teñan efectuada a **COMUNICACIÓN**, por escrito ao Concello de Boiro, acompañando DNI da persoa responsable (para as que se realizan en solo privado/particular)

Unicamente poderán ser realizadas aquelas fogueiras que teñan efectuada a **SOLICITUDE**, por escrito ao Concello de Boiro, acompañando DNI da persoa responsable (para as que se realizan en terreos públicos delimitados para tal finalidade)

Estas COMUNICACIÓNS e SOLICITUDES só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou no Rexistro Electrónico desta entidade, por persoas maiores de idade, dende a data de sinatura do presente bando ata o 20 de xuño de 2024, en horario de 09:00 ata as 13:30 horas séndolle de aplicación o disposto neste Bando. **Non se pode depositar ningún material mentres non se rexistren estes documentos.**

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Aquelas persoas que desexen realizar unha fogueira nos **terreos públicos delimitados** para tal finalidade deberán:

1º. Acudir ao departamento de Medio Ambiente do Concello de Boiro e recibir información sobre os lugares delimitados, medidas e responsabilidades.

2º. Solicitar por Rexistro Xeral ou Sede Electrónica o lugar delimitado escollido (preferencia de elección e asignación á primeira persoa solicitante)

Aquelas persoas que desexen realizar unha fogueira nos **terreos particulares** deberán respectar as condicións que delimitan as autoridades autonómicas en relación á prevención de lumes.

Só se poderán realizar as fogueiras en terreos particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais).

Só se poderán realizar as fogueiras en terreos públicos nos lugares correctamente delimitados para tal finalidade.

Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuario, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.

Medidas preventivas:

- Con carácter previo ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.





- Non se prenderá lume a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo ou árbores.
- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- Deberán terse á man medios adecuados para a extinción do lume.
- O volume de combustible que forme a cacharela non poderá exceder os 2 metros de altura e 3 de diámetro.

Outras medidas/condicións:

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.
- Prohíbese a realización de fogueiras no asfalto e en terreos públicos enlousados.
- Nos lugares públicos autorizados, nas zonas delimitadas para tal finalidade e nas zonas adxacentes, non debe quedar ningún tipo de resto, lixo ou material (tanto o da propia fogueira coma outro tipo de restos). Finalizada a fogueira, débense retirar os restos nun prazo máximo de 48 horas.



Revogacións:

- Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización de ditas fogueiras nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.
- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.

Observacións:

- Non son obxecto de regulación por este bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.
- O cumprimento destas normas poderá ser comprobado polo Servizo de Prevención e Emerxencias (Protección Civil), Técnicos municipais de Medio Ambiente, Policía Local, Consorcio de Bombeiros, e/ou por Axentes Forestais do Distrito Forestal IV, que darán conta das incidencias/infraccións detectadas.

Teléfonos de interese:

Concello de Boiro: 981 84 99 60

Emerxencias: 112

Policía Local de Boiro: 981 84 84 84

Protección Civil de Boiro: 610 55 83 83



O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento

En Boiro, na data que consta ao marxe.

O Alcalde.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

